

Resolución do 18 de xuño de 2018, da comisión de selección designada para cualificar o proceso selectivo da categoría profesional de Xefe de Brigada, perfil “Prevención/Defensa/Extinción contra incendios forestais”, ámbitos distritos “I ata o XIX”, pola que se fai pública a plantilla de resultados e se abre o período de reclamacións.

En sesión que tivo lugar o día 18 de xuño de 2018, a comisión de selección designada para cualificar o proceso selectivo na categoría de Xefe de Brigada, perfil “Prevención/Defensa/Extinción contra incendios forestais”, ámbitos distritos “I ata o XIX”, e de conformidade co establecido nas bases xerais e específicas das que rexen o proceso, entre outros, **ACORDOU:**

- Publicar a plantilla de respostas.

A comisión de selección acorda facer pública a plantilla de resultados. Asimesmo, acórdase aperturar o prazo de **dous días hábiles** dende a publicación de esta plantilla de resultados para posibles reclamacións contra a mesma por parte dos aspirantes.

As reclamacións so poderán ser presentadas de luns a xoves en horario de 9:00 h a 14:00 h e de 16:00 h a 18:00 h e os venres de 9:00 h a 14:00 h nas oficinas de rexistro de SEAGA sitas no Polígono Industrial do Tambre, Vía Marconi, nº 14, 15890 Santiago de Compostela - A Coruña, ou de luns a venres de 9:00 h a 14:00 h nas oficinas de rexistro de SEAGA sitas en:

- Polígono do Ceao, Rúa dos Carros, parcela 17, 27003 Lugo.
- Polígono de San Cibrao das Viñas, Sector C, Rúa Ricardo Martín Esperanza (Rúa 1), Parcela 1-G, Nave 3, 32911 San Cibrao das Viñas, Ourense.
- Lgar. Cabanas – Salcedo nº 54, 36143 Pontevedra.
- Estrada N. VI, Km. 581, 15640, Guísamo- Bergondo.

O prazo de presentación de reclamacións remata o 20 de xuño de 2018.

As reclamacións que se poidan achegar e/ou efectuar, unha vez rematado o prazo correspondente segundo o disposto nas presentes bases consideraranse, a tódolos efectos, como fóra de prazo, e non serán tidas en consideración no proceso.

A presentación de reclamacións en oficinas distintas das anteriores non serán tidas en consideración para o proceso.

Santiago de Compostela, a 18 de xuño de 2018.

A Presidenta da Comisión de selección.



Asdo.- M^a Jesús Cobas Ríos.